

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE DECEMBRO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA (incorpórase á sesión no punto número 3/804), DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeseo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido (incorpórase á sesión no punto número 3/804), os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións da Xunta de Goberno Local, ordinaria, extraordinaria e extraordinaria e urxente, correspondentes aos días 30 de novembro e 2 de decembro de 2011, respectivamente.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a denegación de licenza de actividade e edificación para o denominado centro de investigación situado na avda. Bernardino Pardo Ouro.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para legalización de planta semisoto en vivenda unifamiliar en execución, con licenza número 1270/06, sita no núcleo rural tradicional de Camoira, parroquia de Santo Estevo de Camoira; para modificación de fachada e cuberta para restaurar o estado orixinal de terraza e peto desta, con eliminación da cuberta existente sobre ela na fronte á rúa Quiroga Ballesteros, no edificio sito en solo urbano, na rúa Bolaño Rivadeneira, número 6, planta 4ª; para ampliación de planta alta e substitución completa de cuberta en vivenda tradicional sita no núcleo rural tradicional de Pedrafita, parroquia de San Pedro de Santa Comba e para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar illada en construción tradicional sita en solo rústico na rúa da Chanca, número 18.

Acórdase a denegación de licenza para a legalización de ampliación de nave 1 con licenza de obras 176/79 e concesión de licenza de legalización consistente no aumento de 896 m² na nave 2 con licenza 488/92, así como ampliación consistente no aumento da altura da cuberta nunha superficie de 607,6 m², en solo clasificado como rústico no Plan Xeral de Ordenación urbana, en San Vicente de Coeo.

3. XESTIÓN.- Acórdase a execución da sentenza 208/2010, do 1 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Lugo no recurso contencioso administrativo número 254/2009, na que se desestima o recurso interposto contra o acordo da xunta de goberno local do Concello de Lugo do 25 de febreiro de 2009, polo que se declara a situación de ruína urbanística dos inmobles números 410 da avda. da Coruña, e 3 e 5 da rúa do Xenebro, confirmada en virtude de sentenza 96/2011, do 29 de xullo, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación número 4541/2010.

ÁREA DE INFRAESTRUTURAS E AXENDA 21

4. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación inicial da modificación do “proxecto de obras ordinarias e complementarias ás do edificio de 16 vivendas, garaxes e L.C. en rúa Armórica, 47-49-51”.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación da addenda ao Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Lugo, o Concello de Lugo e a Fundación laboral da construción para desenvolver accións formativas encamiñadas á capacitación de traballadores para rehabilitación de espazos públicos, en concreto en traballos de pedra -2011.

Acórdase a estimación parcial do recurso de reposición interposto contra o acordo 12/566 da Xunta de Goberno Local do 17 de agosto de 2011 no expediente relativo o proxecto modificado de obras de construción dun edificio destinado a biblioteca municipal no barrio da Piringalla en Lugo.

6. INTERVENCIÓN.- Dáse de conta da modificación número 15/2011 do Orzamento xeral de 2011, mediante transferencia de crédito por importe de 20.632,82 euros.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 11extractoxg59.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-12-2011

- Solicitude de subvención á Excm. Deputación Provincial de Lugo para a execución da actuación “Demolición edificación na confluencia das rúas Dona Urraca e Camiño Verde.
- Acórdase deixar sen efecto o expediente de contratación para a realización dunha auditoría enerxética das instalacións de iluminación pública exterior do Concello de Lugo.
- Acórdase acceder a recomendación do Defensor do Pobo, relativa ós dereitos lingüísticos dos cidadáns, para que se axusten á Lei procedimental.

Lugo, 9 de decembro de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García